

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de maio de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día catro de maio de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(415).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(416).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCACIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "II CIRCUITO CONCELLO DE VIGO DE ATLETISMO EN PISTA-SERIES MUNICIPAIS" DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 15856/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 25/04/17, e o informe de fiscalización de data 2/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/04/17, asinado polo director deportivo- Xefe do Servizo de Deportes, o

concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio ó expediente de subvención a favor da Agrupación Viguesa de Atletismo ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se vai celebrar na cidade de Vigo o longo de sete xornadas desenvolvidas no 2017.

A Agrupación Viguesa de Atletismo é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal o atletismo.

En virtude do cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral unha das liñas de actuación da Agrupación Viguesa de Atletismo vai encamiñada á dinamización de competicións que fomenten e impulsen a práctica do atletismo en calquera das súas modalidades, posibilitando un maior achegamento á Sociedade en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

Unha das actuacións mais relevantes que a Agrupación Viguesa de Atletismo desenvolve no ano 2017 é a organización do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se vai celebrar en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do atletismo a nivel autonómico, nas probas de lonxitude, triple, altura, pértega, peso, disco, xabalina, martelo, 60m, 100m, 400m, 60/110/100 valos, 400 valos, 800m, 1500m, 3000m e 3.000 obstáculos.

Na competición participarán máis de 200 deportistas nas diferentes categorías en cada xornada, cunha gran estimación de público en cada proba.

A importancia desta competición radica ademais no impulso que supón para unha modalidade historicamente moi arraigada na nosa comunidade en xeral, e na nosa cidade en particular.

Tendo en conta estas cuestións e atendendo ás actuacións vinculadas co desenvolvemento do proxecto deportivo, plantéase a presente proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 6.230,00 euros ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se vai celebrar na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

Tendo en conta estes criterios, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos que poñan en valor o desenvolvemento de propostas deportivas de interés xeral para a cidade de Vigo, como o Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, obxecto da presente proposta de subvención; Considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva desenvolvida na cidade de Vigo, e atendendo á solicitude de subvención remitida pola Agrupación Viguesa de Atletismo, plantéase a presente

proposta para a adxudicación dunha subvención por importe de 6.230,00€ ao obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do dito Campionato que se celebrará na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

As actuacións vinculadas con esta subvención catalóganse como de interese público e social. Asemade a Agrupación Viguesa de Atletismo é a única entidade que dinamiza un proxecto destas características tan particulares, e a única entidade coa autorización federativa necesaria. Estas circunstancias xustifican que para o desenvolvemento deste expediente, non resulte posible nin recomendable promover a concorrência, pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa. Na devandita actividade subvencionada, e na subvención mesma, concorren singulares circunstancias de interese público e social, razóns excepcionais que xustifican a concesión directa da subvención a Agrupación Viguesa de Atletismo, co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos vinculados coa dinamización do proxecto.

Asemade, no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar co ámbito de desenvolvemento da actividade físico-deportiva na cidade.*
- Colaborar cos axentes deportivos no desenvolvemento de proxectos de interés deportivo na cidade de Vigo.*
- Promocionar o deporte de competición na cidade de Vigo.*
- Colaborar con proxectos que poñan en valor modalidades de arraigo na cidade de Vigo.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó desenvolvemento da actividade físico-deportiva no ámbito da cidade de Vigo.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei, para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, plantéase a presente proposta co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

A Agrupación Viguesa de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15856/333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo e social que para a cidade de Vigo representa o devandito proxecto do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención.

A lexislación aplicable, para esta adxudicación de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que "Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".

Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha actividade físico-deportiva en concreto. Asemade a Agrupación Viguesa de atletismo é a única entidade da cidade que dinamiza un proxecto como o do obxecto da subvención proposta na cidade de Vigo, polo que a subvención se establece mediante unha adxudicación directa, non existindo concorrencia ó tratarse dunha única entidade que dinamiza a dita actividade.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7, debido o interés que para a cidade de Vigo teñen proxectos deportivos como o de referencia.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Agrupación Viguesa de Atletismo presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades vinculadas co desenvolvemento do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais e o destino previsto da subvención.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte da Agrupación Viguesa de Atletismo das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto desenvolvemento do proxecto para o que se propón a adxudicación da subvención e o cumprimento da finalidade que a determina.

O Técnico responsable do servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente expediente, emitirá un informe no que constatará a adecuada xustificación da subvención, e o cumprimento da finalidade que a determina.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi*

declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:
 1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Por todo o exposto, previo informe da Intervención do Concello de Vigo, *proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Agrupación Viguesa de Atletismo, co CIF: G-36645109 para a concesión dunha subvención co obxecto de coadxuvar no financiamento dos gastos xerados pola organización do II Circuito Concello de Vigo de atletismo en pista-series municipais que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1, 9/4, 7/5, 14/5, 4/6, e 2/7.

SEGUNDA: Autorizar e dispoñer o gasto polo importe de 6.230,00 € a favor da Agrupación Viguesa de Atletismo, co CIF: G-36645109 con enderezo social na Rúa Benito Castro

Nogueira nº13, en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01, en concepto de subvención para o desenvolvemento do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se ten previsto celebrar na cidade de Vigo en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

TERCEIRA: Aprobar o seguinte procedemento de pago anticipado de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos derivados do desenvolvemento da actividade no período comprendido entre o inicio e a finalización da mesma e que ten que afrontar a beneficiaria, e de acordo ás seguintes condicións:

1. O 50% (3.115,00€) do importe total proposto, será abonado mediante transferencia bancaria á AVA, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.
2. O resto do importe abonarase á AVA (CIF: G-36645109), trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do convenio. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS OCASIONADOS POLO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "II CIRCUITO CONCELLO DE VIGO DE ATLETISMO EN PISTA-SERIES MUNICIPAIS" DURANTE O ANO 2017 (Expte. 15856/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a _____ de dous mil dezasete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, na súa calidade de Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H) por Delegación da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015.

Doutra, don Eleuterio Angel García Rodríguez como presidente da Agrupación Viguesa de Atletismo, CIF nº G-36645109 e enderezo social na rúa Benito Castro Nogueira nº13 Bajo, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 15856/333.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Que a Agrupación Viguesa de Atletismo é unha asociación privada con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, que ten por obxecto primordial, o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a

participación en actividades e competicións deportivas, sendo a súa práctica principal o atletismo.

En virtude do cumprimento destes obxectivos, atopámonos que de forma xeral unha das liñas de actuación da Agrupación Viguesa de Atletismo vai encamiñada á dinamización de competicións que fomenten e impulsen a práctica do atletismo en calquera das súas modalidades, posibilitando un maior achegamento á Sociedade en xeral a esta modalidade de gran arraigo na cidade de Vigo.

II.- Que no ano 2017, a entidade organiza na cidade o II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, que lle outorga un valor moi importante para a promoción do atletismo, na propia cidade de Vigo, e que lle confire un valor único e de carácter excepcional no ámbito deportivo na cidade de Vigo, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

Unha das actuacións mais relevantes que a Agrupación Viguesa de Atletismo desenvolve no ano 2017 é a organización do II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais que se vai celebrar en sete xornadas durante o ano 2017, nas datas previstas de 15/1, 22/1,9/4,7/5,14/5,4/6, e 2/7.

Esta competición converterá á cidade de Vigo durante a súa celebración no centro de atención do atletismo, nas probas de lonxitude, triple, altura, pértega, peso, disco, xabalina, martelo, 60m, 100m, 400m, 60/110/100 valos, 400 valos, 800m, 1500m, 3000m e 3.000 obstáculos.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cos axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de competición.*
- Conseguir que o colectivo da cidadanía de Vigo, conte cun proxecto deportivo no seu entorno.*
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun mapa de actividade deportiva no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento do evento, o cal xustifica que para o desenvolvemento deste expediente, non resulta posible nin recomendable promover a concorrència pola especificidade e exclusividade no obxecto das actuacións a subvencionar, o cal xustifica a súa concesión directa.

VI.- Que a Agrupación Viguesa de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais, o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación Viguesa de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Desenvolver a actuación obxecto principal da subvención, desenvolver o II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais durante sete xornadas no 2017.

2º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que poidan ter vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.

3º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder a Agrupación Viguesa de Atletismo unha subvención polo importe de 6.230,00€, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

2º.- Proceder ó pago anticipado do 50% do importe total da subvención de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos derivados do desenvolvemento da actividade no período comprendido entre o inicio e a finalización da mesma e que ten que afrontar a beneficiaria, e de acordo ás seguintes condicións:

- O 50% (3.115,00€) do importe total da subvención, será abonado mediante transferencia bancaria á AVA, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto.
- O resto do importe abonarase á AVA CIF: G-36645109, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación sétima do convenio.

3º.- Colaborar, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto deportivo na cidade de Vigo.

4º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción da II Circuito Concello de Vigo de Atletismo en Pista-Series Municipais (revista, web, etc).

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá

efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos no prazo comprendido entre a sinatura do convenio e os tres meses posteriores á finalización do programa. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A entidade deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e os tres meses posteriores á finalización do programa.

Décimo quinto.- O beneficiario está informado que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución

do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(417).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRADOIRO DE EMPREGO FORMAWEB E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA EXPTE. 14020/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 2/05/17, e o informe de fiscalización de data 3/05/17, dáse conta do informe-proposta de 24/04/17, asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos anos. A Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III, Obradoiro de emprego "Vigo Prepara") un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB**", propoñendo a especialidade de **Confeción e publicación de páxinas web**, pola demanda existente destas profesions na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa confección e publicación de páxinas web levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto **“Obradoiro de Emprego FORMAWEB”** e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de **15** alumnos/as na especialidade de **“Confección e publicación de páxinas web”**. Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e moi interesantes, tal e como se recolle no proxecto que se inclúe no expediente, pero pódense concretar en:

- Organización dos recursos.
- Análise previa da estrutura da web.
- Coñecer a infraestrutura informática que soporta o portal, a tecnoloxía do servidor, as linguaxes empregadas e o software utilizado.
- Creación de plantillas para cada sección.
- Programaranse os formularios, a detección de erros e tratamento destes...

En resumo o obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de índole social ou de interese para a comunidade.

A duración do “Obradoiro de Emprego FORMAWEB” está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 1 de setembro do presente ano. Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Local Municipal sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9, baixo que están adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.

A subvención económica solicitada á Consellaría Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia é de 139.856,85 €, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na *Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, e se procede a súa convocatoria para o ano 2017, publicado no BOG do 10 de abril de 2017, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Non é necesaria aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

Estímase a aportación municipal en 26.000,00 e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2017 e 2018 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2017, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2017</u>	<u>2018</u>
2410 2100000 Submestros materiais de construción	17.350,00€	8.650,00€

Conforme establece a Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non leva implicitamente a aceptación da mesma, a espera da resolución definitiva polo órgano competente, polo que salvo mellor criterio a presentación da solicitude que non a súa aceptación no caso de obter resolución favorable da mesma por parte da administración convocante, non entra en contradición co establecido na “Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local”, no seu artigo 27 e concordantes, con relación á delegación de competencias en materia de Emprego cara a mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuir a eliminar duplicidades administrativas e ser conforme coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1. Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “Orde do 29 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no fichero do Sistema Nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia , e se procede a súa convocatoria para o ano 2017, publicado no BOG do 10 de abril de 2017”.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2017 e 2018, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na trámitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(418).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA”. EXPTE. 8521/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28/04/17, e o informe de fiscalización do 3/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/05/17, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, a xefa de Área da Tenencia de Alcaldía, a

concelleira delegada de Patrimonio Histórico e o concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 17 de abril de 2017, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico dictou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a **CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA**

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- *Decreto de Alcaldía de data 20/01/2017, polo que se resolve o seguinte:*
“Delegar na Primeira Teniente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico D. M^a Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do Terceiro programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana, así como a posibilidade de utilización dos seguintes créditos do orzamento do ano 2017, a través do Servizo de Patrimonio Histórico:
- 100.000 euros da partida 3340.2260900 ACTIVIDADES CULTURALES PROGRAMA ARTE.
- 350.000 euros da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.
- 3.600 euros da partida 3340.2279902 TRABALLOS DE MANTEMENTO DOS ESPAZOS DE ARTE URB.”
- *Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, de data 17 de abril de 2017 para o inicio do expediente de contratación.*
- *Proxecto DE ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, REDACTADO POR BETHANIA SÁNCHEZ DE HAZ, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 6 de abril de 2017.*
- *Memoria xustificativa asinada o 27 de abril de 2016 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras para a execución dos murais do terceiro programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública.*
- *Prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos asinado o 19 de abril de 2017 pola xefa de Patrimonio Histórico.*
- *Informe asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 28 de abril de 2016 na que sinala que, revisada a documentación do expediente, reúne a documentación esixida pola lexislación vixente.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de abril de 2017.*
- *Informe favorable da Titular da Asesoría Xurídica de data 28 de abril de 2017.*

2.- CONDICIÓN DEFINTORIAS DO CONTRATO:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

OBXECTO DO CONTRATO: a execución das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º Programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública”

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2.a) e 25.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no PPT e de forma xeral fundamentalmente a mellora dos espazos urbanos, que pode encadrarse dentro das competencias propias dos municipios relativas a "Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación" (artigo 25.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de OBRAS, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación. A forma de tramitación do expediente é, segundo o PCAP, a ordinaria, regulada nos artigos (artigos 109 e 110 TRLCSP).

O procedemento de adxudicación previsto no PCAP é o aberto en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c.- Orzamento base de licitación/partida orzamentaria. En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, determinado en base aos servizos a realizar, que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, ten un importe máximo de 297.043,71 euros, sendo o importe correspondente o IVE o de 51.553,04 euros.

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo do ano 2017, en concreto na partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.

d.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adxudicación e segundo o recollido no artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, polo cal en base ao obxecto deste contrato, establécese a valoración por múltiples criterios, para o cal defínense os seguintes criterios baixo os principios de igualdade de trato, non discriminación e transparencia.

En relación a esta opción, e tendo en conta as peculiaridades do obxecto do contrato, darase máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa ao obxecto do contrato se puidesen valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas. Polo cal establécese a seguinte proposta de criterios, os cales terán unha aplicación dun 30 % de puntos a criterios avaliábeis por xuízo de valor, e un 70 % a criterios avaliábeis a través de fórmula.

Ademáis dos criterios avaliábeis a través de fórmula, que aseguran o cumprimento dos principios de igualdade e obxectividade, é necesario introducir un criterio avaliábel mediante xuízo de valor no que se teña en conta o proxecto de organización e prestación dos servizos, en concreto a

organización do persoal, o plan de traballo, o plan de amoreamentos e instalacións auxiliares, o plan de seguridade e o plan de seguimento e control das actuacións.

e.- Criterios avaliados mediante fórmula:

Redución do prezo de preparación dos espazos e realización de tarefas de apoio ós artistas para a execución da súa obra: se valorará con ata 70 puntos

As fórmulas de aplicación deste criterio serán as establecidas no PCAP.

f.- Criterios avaliados mediante xuízo de valor:

- Proxecto de organización e prestación das obras: valorarase con ata 30 puntos
A puntuación distribuirase nos seguintes **apartados:**

a) Organización do persoal: valorarase con ata 10 puntos

Neste apartado valorarase o organigrama do persoal que adscribírase ó programa, as súas categorías profesionais, e a organización e distribución do traballo entre o mesmo.

b) Plan de traballo: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase o nivel de detalle na organización e distribución dos traballos que se describen no prego de prescricións técnicas.

c) Plan de amoreamentos e instalacións auxiliares: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase a localización proposta para os amoreamentos, as instalacións auxiliares, e a custodia dos materiais empregados polos artistas.

d) Plan de seguridade: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase as medidas propostas de sinalización e seguridade que se adoptarán en cada un dos espazos obxecto do contrato.

e) Plan de seguimento e control das actuacións: valorarase con ata 5 puntos

Valorarase as medidas propostas para o seguimento e control das actuacións.

g.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución é de 45 días.

h.- Solvencia económica e financeira e técnica: non se esixe clasificación, aínda que para acreditar a solvencia determínase: Grupo c (edificacións), subgrupo 4 (Albañilería, revocos e revestidos), categoría 2.

i.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato: Non se fixan.

j.- Modificación do contrato: sí.

A) ASPECTOS A MODIFICAR: eliminación dalgún espazo de actuación ou a substitución por outro diferente.

B) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN: a aparición de circunstancias non contempladas no PROXECTO DE ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, redactado por BETHANIA SÁNCHEZ DE HAZ, que motiven a imposibilidade de execución do tratamento previsto nalgún dos espazos obxecto do contrato, como consecuencia de vicios ocultos, de anulación do permiso da propiedade do espazo no que se pretende actuar, ou de problemas relacionados con algún dos artistas elixidos pola comisión técnica para actuar nos diferentes espazos (contratación, datas da actuación).

C) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20%

k.- Responsable do Contrato: A responsable do contrato será a Xefa de Servizo de Patrimonio Histórico.

l.- Seguro: Procede constituir un seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 1.000.000 euros.

m.- Subcontratación: sí, ata o 60%.

3.- PROPOSTA:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte:

1º.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre AS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico con data 19 de abril de 2017.

3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 27 de abril de 2017.

4º.- Autorizar o gasto:

- A) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:** 245.490,67 euros
- B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN:** 51.553,04 euros
- C) ORZAMENTO TOTAL:** 297.043,71 euros
- D) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 294.588,81 euros

Aplicación orzamentaria: 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(419).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL LINDEIROS AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 4.180/440.

Visto o informe de fiscalización do 3/05/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSF)*
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSF)*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440)*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 6 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da non admisión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, da empresa CONSERNOR, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación da documentación esixidos no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 22 de marzo de 2017:

- 1. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.*
- 2. T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.*
- 3. NEMESIO ORDOÑEZ S.A.*

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4180-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	96,21
2	EXTRACO, S.A.	95,67
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,29
4	HIDROMIÑO, S.L.	94,96
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	94,90
6	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	94,60
7	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,58
8	C. D. INDEPO, S.L.	94,16
9	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	93,70
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	93,53
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	93,26
12	NAROM, S.L.	92,81
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,48
14	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,47
15	HORDESCON, S.L.	90,86
16	ORECO, S.A.	90,30
17	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,15
18	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	90,03
19	UTE ACEVI S.L. - ALVAC, S.A.	89,74
20	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	89,71
21	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	88,58
22	UTE COPCISA, S.A. - ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	87,91
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	86,57
24	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L. - REYCONS, S.L.	85,60
25	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	70,35
26	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	56,55

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.036,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o día 6 de abril de 2017, que presenta a documentación requirida o 24 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de febreiro e 23 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de aparcadoiro público en terreos de titularidade municipal lindeiros ao Hospital Álvaro Cunqueiro (4.180-440) por un prezo total de 538.424,59 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 93.445,59 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(420).- DENUNCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRA A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. PARA A INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO. EXPTE. 1117/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4/04/17, e o informe de fiscalización do 2/05/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/05/17, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1: Na data 26 de maio de 2016 a Concelleira-Delegada de transportes asinou memoria xustificativa e orde de servizo para que polo servizo de transportes se realizasen os tramites administrativos necesarios para proceder a aprobación do “Convenio de colaboración entre a Consellería de infraestruturas e vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes S.L. como contratista do transporte urbano municipal para a integración do Concello de Vigo na Area de transporte metropolitano de Vigo e para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas a mesma na area de transporte metropolitano de Vigo”.

2: Na data 26 de maio de 2016 polo Servizo de Transportes formulase informe proposta polo que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto do Convenio e a autorización do gasto dos compromisos económicos que se poidan derivar da aplicación do Convenio.

3: Con anterioridade a remisión do expediente a Xunta de Goberno Local a proposta formulada polo servizo xestor foi obxecto de fiscalización e informe favorable pola Intervención Municipal.

4: A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 27 de maio de 2016 aprobou o proxecto do Convenio e autorizou o gasto dos compromisos económicos que se poidan derivar da aplicación do Convenio a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. pola diferenza nos transbordos entre o prezo do billete bonificado e o prezo do billete sen bonificación.

5: Na data 2 de xuño de 2016 foi presentada no rexistro xeral da Xunta de Galicia a comunicación do Acordo da Xunta de Goberno Local dirixida a Dirección Xeral de Mobilidade.

6: Na data 6 de xullo de 2016 foi asinado no Concello de Vigo o Convenio polas partes intervinientes no mesmo e dicir a Xunta de Galicia , o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes S.L.

7: Dende esa data, coa formalización do convenio o Concello de Vigo integrase na Area de transporte metropolitano de Vigo, e procede a desenvolver tódalas obrigas derivadas do contido do citado Convenio; neste sentido conxuntamente coa empresa concesionaria do transporte colectivo urbano de Vigo, ven realizando tódalas actuacións necesarias e

indicadas pola Xunta de Galicia, Antega e Abanca para concluír coa homologación do sistema de cancelación instalado nos autobuses de transporte urbano.

8: Na data 5 de decembro de 2016 foi comunicado ao Concello o informe emitido en data 30 de novembro polo Consello Consultivo de Galicia en relación con cuestións relativas a efectiva constitución e posta en funcionamento da Area Metropolitana de Vigo .

9: Na data 15 de decembro de 2016 e a petición da Concelleira-Delegada de transportes foi emitido informe polo servizo de transportes respondendo as seguintes cuestións :

A) Interpretación sobre o alcance de aplicación do Convenio de data 6 de xullo de 2016.

B) Informe sobre o informe emitido polo Consello Consultivo na data 30 de novembro de 2016.

C) Tramites tecnolóxicos efectuados ate a data para a posta en marcha do Convenio de data 6 de xullo de 2016.

10: Na data 17 de xaneiro de 2017 celebrouse na Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo, reunión de seguimento do Convenio para desenvolvemento do transporte metropolitano de Galicia na ATM de Vigo, reunión a cal foi convocado por primeira vez o Concello de Vigo .

11: Na data 9 de febreiro de 2017 por este servizo, emítese informe a petición da Asesoría Xurídica Municipal e en relación co contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Galicia contra unha serie de actuacións da Area Metropolitana de Vigo e en concreto sobre o “informe de situación da integración do transporte urbano de Vigo no plan de transporte metropolitano de Galicia “ emitido polo subdirector xeral de mobilidade na data 29 de decembro de 2016 .

12: Ante as dificultades plantexadas pola Xunta de Galicia para a efectiva posta en funcionamento do Convenio na cidade, pola Alcaldía remitiuse una comunicación na data 22 de febreiro de 2017 ao Presidente da Xunta de Galicia na que manifesta que o Concello de Vigo, descoñece cal é a discrepancia da Xunta coa aplicación do convenio, polo que ante o prexuízo que a situación significa para os cidadáns da Area , solicita que se explicita oficialmente cal é a diverxencia de interpretación da Xunta de Galicia con respecto ao instrumento de colaboración asinado o día 6 de xullo de 2016, que impediría aplicar as vantaxes do acordo acadado aos cidadáns da area .

13: No escrito con rexistro de entrada no Concello de Vigo de 2 de marzo de 2017, recibise contestación da Conselleira de Infraestruturas e Vivenda no que se citan estipulacións e anexos do Convenio Marco e do Convenio de Colaboración, pero sen comunicar de forma clara e expresa cales son as discrepancias.

14: Na data 10 de marzo de 2017 a Concelleira-delegada de transportes remite informe a Alcaldía no que propón a denuncia do Convenio asinado na data 6 de xullo de 2016 ante a imposibilidade de proceder a súa aplicación practica polas trabas e dificultades interpostas pola Xunta de Galicia, proposta ratificada polo Sr. Alcalde na data 15 de marzo de 2017.

15: Na data 10 de marzo de 2017 solicítase informe ao Responsable Superior Contable Orzamentario sobre os efectos que a presunta interpretación contida no escrito da Conselleira tería na disciplina do gasto e na estabilidade presupuestaria e financeira así

como no contrato do servizo de transporte publico, informe que foi emitido na data 13 de marzo de 2017.

16: Na data 21 de marzo de 2017, pola Xefa do Servizo de transportes foi emitido informe en relación co contido do escrito remitido pola Conselleira de Infraestruturas e Vivenda en resposta a comunicación remitida .

17: Solicitado informe a Intervención Municipal sobre o alcance da fiscalización efectuada na data 26 de maio de 2016 o mesmo foi emitido na data 24 de marzo de 2016.

18: Na data 29 de marzo de 2017 foi solicitado informe a Asesoría Xurídica, o cal foi emitido na data 4 de abril de 2017.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.-CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DERIVADAS DO CONVENIO.

Do contido do convenio asinado polo Concello de Vigo na data 6 de xullo de 2016 que ten como obxectivo a integración do Concello de Vigo na Area de transporte metropolitano de Vigo e a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas a mesma na Area de transporte metropolitano de Vigo, derívanse as obrigas que corresponden ao Concello, obrigas que se veñen cumprindo polo Concello dende a citada data .

Ante as dificultades plantexadas pola Xunta de Galicia para a efectiva posta en funcionamento do Convenio na cidade, o 22 de febreiro de 2017, a través do rexistro xeral da Xunta de Galicia, presentouse unha comunicación do Alcalde de Vigo ao Presidente da Xunta de Galicia na que, entre outros extremos, se evidenciaba que:

“No convenio, o Concello de Vigo asume o compromiso de subvencionar con 0,46€ as viaxes urbanas que estivesen conectadas cunha viaxe interurbana que realízen os cidadáns metropolitanos. Ademais, Vigo comprométese neste convenio a un transbordo gratuito.

Por outra banda, dende a sinatura do convenio, a Xunta de Galicia, ABANCA e máis a empresa concesionaria do transporte urbano de Vigo non deixaron de traballar en ningún momento na homologación das canceladoras que, aínda hoxe, presentan incidencias técnicas, dada a complexidade da adaptación tecnolóxica”.

Na devandita comunicación requiríase, en fin :

“para que, en defensa do interese xeral, comunique a este Concello os fundamentos da discrepancia da Xunta de Galicia con respecto ao instrumento de colaboración asinado o día 6 de xullo do 2016.

De non se recibir o pronunciamento oficial por parte da Xunta de Galicia, nun prazo máximo de cinco días, o Concello de Vigo tomará as decisións que correspondan en defensa dos cidadáns”

A Conselleira de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia no escrito con data de entrada no rexistro xeral de 2 de marzo de 2017 responde, sinalando a estipulación 2.2 e apartado 2.3.6 do anexo ao Convenio Marco, ás estipulacións segunda, e terceira e sétima e anexo I do Convenio de Colaboración de data 6 de xullo de 2016, e parecendo concluír

que non é acorde ao Convenio a “postura do Concello de Vigo no que atinxe a non integrar o transporte urbano nas viaxes unicamente urbanas”.

No informe emitido por este servizo na data 21 de marzo de 2017 realizase o estudo das estipulacións e anexos citados e as obrigas que se derivan para o Concello:

Examinadas as estipulacións citadas na resposta recibida, e dicir a 2.2 do Convenio Marco, segunda e terceira do Convenio de 6 de xullo de 2016: así como o apartado 2.3.6. do anexo ao Convenio Marco, do contido dos mesmos, destacase que a forma de integración do Concello de Vigo na ATM regulase na estipulación 2.2 do Convenio Marco, parágrafo último:

“a extensión do sistema tarifario ao transporte urbano requirira da previa integración do Concello de Vigo na ATM, nos termos previstos na estipulación sexta (interese pola extensión do programa tarifario coa integración do Concello de Vigo e o seu transporte urbano e a inclusión da despenalización do transbordo entre a rede metropolitana e a urbana) deste convenio, polo que no convenio que subscribirán a Xunta de Galicia e o Concello para o efecto deberanse establecer os correspondentes compromisos económicos así como, se fose o caso, os referentes a adaptacións e requirimentos tecnolóxicos precisos nas máquinas canceladoras do transporte urbano”

En cumprimento do disposto na citada estipulación 2.2. parágrafo último do Convenio Marco, no Convenio de Colaboración asinado na data 6 de xullo de 2016, recollen nas estipulacións segunda, terceira, e o número 2 do Anexo do mesmo, os compromisos económicos derivados do mesmo e as adaptacións tecnolóxicas na estipulación sétima (estipulacións e anexos citados pola Conselleira no seu escrito)

*Na estipulación **segunda** define a viaxe urbana como “desprazamento realizado dentro da rede urbana. Pode estar constituído por unha ou varias etapas, con base nas regras de transbordo fixadas polo servizo urbano. As compensacións da Xunta de Galicia respecto do servizo urbano realízanse pola primeira etapa urbana que forme parte dunha viaxe interurbana.”*

*Na estipulación **terceira** “Condicións de integración do Concello de Vigo na ATM de Vigo”, no apartado número 1 di:*

“no documento Anexo a este Convenio de colaboración e como parte integrante deste, reflíctense os seguintes aspectos :

Financiamento dos compromisos asumidos polas partes: indícanse as contías que consonte co previsto no Convenio Marco, corresponderá achegar ao Concello de Vigo

*No **Anexo** ao Convenio no nº 1 se fixan os prezos en vigor .*

*No **Anexo** ao Convenio no nº 2 se fixa a estimación económica da integración do Concello de Vigo en 2.457 € durante o ano 2016 correspondentes” aos tráficos interiores no Concello de Vigo realizados no marco dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte de competencia da Xunta de Galicia” engadindo que “este importe non inclúe a achega indirecta do Concello na xestión dos transbordos derivadas da diferenza de prezo entre o bono ordinario e o nivel de compensación ao seu contratista urbano, estimada inicialmente en 246.847 € anuais” .*

Concluíndose no citado informe que:

“nas estipulacións citadas non se regulan as viaxes exclusivamente urbanas realizadas no Concello de Vigo, regulándose como obriga económica do Concello nos transbordos, e dicir nos viaxes urbanos que formen parte dunha viaxe metropolitana, a diferenza do prezo entre o bono ordinario e o nivel de compensación ao seu contratista urbano, así como a participación no programa tarifario polos tráfico interiores no Concello de Vigo realizados no marco dos contratos de competencia da Xunta de Galicia (Anexo do Convenio de data 6 de xullo de 2016: estimación económica da integración)”

Neste mesmo sentido emite informe o Interventor Municipal na data 24 de marzo de 2017 en relación co alcance da fiscalización previa a aprobación do convenio:

“En base ás argumentacións expostas ao longo do presente informe, no preceptivo informe de fiscalización de data 26 de maio de 2016 emitido pola Intervención Xeral Municipal ao expediente número 1117/449 relativo ao “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e a empresa viguesa de Transportes SA, para a integración do Concello de Vigo na Área de Transporte Metropolitano de Vigo – versión remitida o 19 de maio de 2016 doc. 160063865-”, esta Intervención considerou unicamente as obrigas económicas asumidas polo Concello de Vigo derivadas da utilización do servizo de transporte urbano ao prezo bonificado, cando a viaxe urbana forme parte dunha viaxe interurbana, non tendo en conta as posibles obrigas xeradas polas viaxes unicamente urbanas.”

Examinase tamén no citado informe de data 21 de marzo de 2017 o apartado 2.3.6 do Anexo ao Convenio Marco :

“No mesmo regulase a forma de imputación das bonificacións, pero sen fixarse no mesmo cales son as bonificacións acordadas nin a contía das mesmas, as cales no caso de Vigo aparecen recollida no Convenio específico asinado na data 6 de xullo de 2016.

De entenderse que o citado apartado ten un alcance mais amplo que o meramente descritivo da forma de realizarse as imputacións, se daría o paradoxo que ao Concello de Vigo e nos transbordos realizados en Vigo corresponderíalle o 0% da bonificación por transbordo, polo que asumiría a Xunta o custo total do transbordo entre servizos integrados, e dicir tería que abonar o prezo total da bonificación 1,33 € (tarifa urbana correspondente ao ano 2017) por cada transbordo.”

En relación coa estipulación sétima do Convenio: “Sistema tecnolóxico do transporte urbano de Vigo: “O concello de Vigo e Vitrasa asumen o compromiso de homologar o actual sistema de cancelación para o seu funcionamento no Plan de Transporte Metropolitano”

O compromiso asumido cúmprese xa que dende o mes de maio de 2016, é dicir, dous meses antes da firma do Convenio se iniciaron os trámites por parte do Concello para a homologación da máquina canceladora instalada nos autobuses de transporte urbano para que os usuarios da TMG poidan utilizala nestes autobuses, e así o recoñece a Directora Xeral de Mobilidade na comisión de seguimento de data 30 de xuño de 2016 no punto 1º da orde do día no que di literalmente “ *informase aos asistentes de que están en marcha as actuacións para a adaptación tecnolóxica das máquinas canceladoras dos autobuses*

urbanos para o seu funcionamento dentro do Plan “ realizándose a última proba na data 23 de febreiro 2017.

O Acordo de aprobación do proxecto de Convenio de data 27 de maio de 2016 , foi comunicado a Dirección Xeral de Mobilidade na data 2 de xuño de 2016, figurando no mesmo os compromisos asumidos polo Concello de Vigo, de forma clara e expresa, sen que por parte da Dirección Xeral se formulase alegación algunha e prestando a súa conformidade coa posterior firma do Convenio.

A vista do exposto conclúese que o Concello de Vigo recoñece e cumpre con tódalas obrigas derivadas do contido do convenio asinado.

II INVIABILIDADE LEGAL DE APLICACIÓN DO CONVENIO NOS TERMOS PRETENDIDOS POLA XUNTA DE GALICIA

Como se di no informe de data 21 de marzo de 2017:

“Non pode falarse de homoxeneidade xa que o Concello de Vigo firmou o convenio de Vigo, e non asinou os convenios doutras cidades de Galicia, das que algunha delas non ten transporte urbano.

Consultados os Convenios das outras cidades galegas no enlace da paxina da Xunta de Galicia: <http://tmg.xunta.gal/convenios> :

Nos convenios de A Coruña (táboa 6 do anexo técnico), Santiago de Compostela (táboa 7 do anexo técnico) Lugo (táboa 7 do anexo técnico) e Ferrol (táboa 7 do anexo técnico) recollen expresamente as imputacións que corresponden a estes Concellos.

A Xunta de Galicia pretende incluír nun convenio no que se regula o transporte metropolitano, as viaxes exclusivamente urbanas realizadas no termino municipal de Vigo, viaxes que teñen un carácter estritamente municipal e se rexen polas normas municipais en materia de transporte urbano competencia exclusiva do Concello, viaxes que obviamente non se regulan no texto do convenio asinado

A interpretación que fai a Xunta de Galicia do Convenio non pode ser en ningún caso aceptada por ir en contra do interese público xeral da cidade por dúas cuestións fundamentais :

O Convenio de data 6 de xullo de 2016, regula o transporte metropolitano e non o transporte urbano en sentido estrito, transporte que de conformidade co disposto na lexislación de aplicación: (artigos 25.2.g) e 26.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril; e arts. 80.2.m) e 81.d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e competencia exclusiva do Concello e que incluso mantén a súa autonomía na Área Metropolitana de Vigo de conformidade co disposto na Lei 4/2012 de 12 de abril modificada pola Lei 14/ 2016 de 27 de xullo .

E por outra banda os compromisos económicos derivados do Convenio asinado foron obxecto de fiscalización con carácter previo a aprobación do proxecto do convenio e a sinatura do mesmo pola Intervención Municipal e tal e como figura no informe de fiscalización de data 26 de maio de 2016 y na retención de crédito efectuada na mesma data o concepto fiscalizado e “ achega do Concello polos transbordos derivados do convenio de transporte metropolitano “ e no inclúe outro concepto distinto.”

E, así o informa o Interventor Municipal nas conclusións do seu informe de data 24 de marzo de 2017 .

“no citado informe delimitouse de forma expresa e concreta o ámbito ao que se estendeu a fiscalización previa do referido expediente, limitándose a mesma aos “compromisos económicos derivados da utilización do servizo de transporte urbano ao prezo bonificado, cando a viaxe urbana forme parte dunha viaxe interurbana (...)”, estimados inicialmente en 246.847,00 euros anuais (anexo 2 do Convenio asinado o 6 de xullo de 2016), polo que pode deducirse claramente que a citada fiscalización non se estendeu ás posibles obrigas económicas a asumir polo Concello de Vigo naqueles supostos nos que a viaxe urbana non forme parte dunha viaxe interurbana, é dicir, nas viaxes únicamente urbanas, cuestión por outra parte lóxica, ao meu entender, xa que ao estar referido o Convenio ao transporte metropolitano, nada procede estipular ou negociar con respecto ao transporte exclusivamente urbano, ao tratarse dunha competencia propia e de prestación obrigatoria polo Concello de Vigo ao abeiro do disposto nos artigos 25.1 g) e 26.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Ley 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local”

No mesmo sentido e en relación co alcance dos compromisos económicos derivados do convenio asinado emite informe a Dirección Superior Contable e orzamentaria na data 13 de marzo de 2017 e cuías conclusións son as seguintes :

O orzamento vixente non ten reflectida dotación orzamentaria para facer fronte ao gasto no que poida incurrir o Concello polo uso de transporte urbano colectivo para aqueles usuarios da tarxeta de transporte metropolitano que non formen parte dunha viaxe interurbana.

Os anexos que forman parte deste informe (anexo I e II), reflicten a estimación da Liquidación do Orzamento tanto en termos de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria como da regra de gasto, o orzamento vixente da cumprimento ás tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

O marco orzamentario remitido ao Ministerio de Hacienda e Función Pública para o período 2018-2020, asinado o 8 de marzo de 2017, non contén previsión adicional para un gasto distinto do transporte urbano mais que aquel que forme parte dunha viaxe interurbana.

As previsións contidas no marco orzamentario 2018-2020, están a dar cumprimento ao proceso de consolidación fiscal contidas no acordo do Consello de Ministros 2 de decembro de 2016, no que se aprobaron as medidas de especial interese e transcendencia para as Entidades locais.

Tendo en conta as previsións de liquidación do orzamento do ano 2017, calquera variación á alza do gasto, sempre ten que ir asociada a unha baixa pola mesma contía, de non ser así, de acordo as previsións na Liquidación do Orzamento, non se daría cumprimento as tres regras fiscais.

As estimacións do gasto fanse a partir do custe anual dos usos urbanos que forman parte dunha viaxe interurbana.

Tendo en conta o previsto no artigo 7 da LOEPSF, no informe de fiscalización do convenio non se valorou a repercusión e efectos dunha interpretación máis ampla, fíxose constar que o mesmo se estaba a referir aos usos urbanos que forman parte dunha viaxe interurbana, polo tanto, non se estaría a garantir o cumprimento das

esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e polo tanto, estarase fora da senda de consolidación fiscal.

Calquera acordo ou actuación que non teña como obxectivo o cumprimento da regra de gasto, tendo en conta cal é obxectivo fiscal da regra de gasto, hai que consideralo ao marxe da disciplina orzamentaria.

Así mesmo, a Asesoría Xurídica no seu informe de data 4 de abril de 2017 di:

“Tal e como explica o servizo de transportes, ningún extremo do convenio recolle ningún compromiso polo que o Concello de Vigo, comprometa e regule o servizo exclusivamente urbano de transporte nun Convenio. En efecto, o transporte integramente urbano é unha competencia propia municipal (artigos 25.2.g) e 26.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril; e arts. 80.2.m) e 81.d) da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; competencias respecto das que nin tan sequera resulta posible á súa transferencia á Área Metropolitana de Vigo á diferenza do transporte metropolitano que si é competencia a transferir á Área Metropolitana, tal e como quedou redactada a Lei 4/2012, do 12 de abril, de creación da Área Metropolitana de Vigo, logo da súa modificación por Lei 14/2016, de 27 de xullo. A finalidade do convenio, limitada ás conexións cos transportes interurbanos é expresa e reitérase todo ao longo do Convenio de colaboración que se refire reiteradamente á idea de “despenalizar” o transbordo, xa desde o seu expositivo. Polo demais, o único anexo que se refire á aplicación do convenio é o segundo (como se pode ler no anexo primeiro, é explícito o contido da táboa que se refire ás “tarifas actuais” e non ás que resultarán da aplicación do convenio) que recolle expresamente como “Estimación económica da integración”: Participación no programa tarifario polos tráfico interiores no concello de Vigo realizados no marco dos contratos de xestión de servizos públicos de transporte da competencia da Xunta de Galicia. Este importe non inclúe a achega indirecta do concello de Vigo na xestión dos transbordos derivada da diferenza de prezo entre o bono ordinario e o nivel de compensación ao seu contratista urbano, estimada inicialmente en 246.847 euros anuais”.

E engade:

“Parece que nin sequera sería posible aceptar a posición que se expresa na misiva de 2/3/2017 da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Xa que resulta coñecida a prohibición de contraer compromisos de gasto por riba do orzamentado, fiscalizado e autorizado (arts. 173.5 e 213 e ss. e concordantes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, R.D. Lex. 2/2004, de 5 de marzo, TRFL) e , amais, tal e como se desprende do informe da intervención municipal de 24-3-2017, “non debemos de esquecer ademais que segundo o disposto no apartado 3º do artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, relativo ao “Principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos”, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación que afecten os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Por este motivo, calquera outra interpretación que supuxese para o Concello de Vigo a asunción de maiores gastos -presentes ou

futuros- dos indicados no anexo 2 do Convenio, suporá a necesidade de avaliar novamente a repercusión económico e financeira da respectiva proposta, supeditando a súa aprobación ao cumprimento dos precitados principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

No informe deste servizo de data 21 de marzo de 2017, e en relación co afirmación da Conselleira de que foi convocada a Comisión de Seguimento na data 17 de xaneiro de 2017 para aclarar as posibles dubidas ou interpretacións, e todos os Concellos manifestaron que o Concello de Vigo e o seu transporte non estaban integrados e considera que quedou suficientemente explicado o seu funcionamento así como a postura do Concello de Vigo no que atinxe a non integrar o transporte urbano nos viaxes unicamente urbanos e polo tanto diferente as regras homoxéneas que rexen o PTMG aclárase :

“ A Comisión de Seguimento foi convocada de conformidade coa orde do día remitido con anterioridade que e o seguinte :

- “ 1 Aprobación da acta da comisión anterior .*
- 2 Balance do plan de transporte metropolitano*
- 3 Estado da integración do transporte urbano*
- 4 Rogos e preguntas “*

E dicir a Comisión foi convocada, ademais de tratar outros temas, para informar do estado da integración do transporte urbano e tódalas actuacións realizadas ate a data polo Concello de Vigo e non para resolver dubidas e interpretacións.”

É como se di no informe emitido por este servizo, na data 21 de marzo, en relación coa interpretación que fai a Xunta de Galicia do contido do Convenio :

“O informe da Xunta de Galicia na data 29 de decembro de 2016 xa presume “a intención do Concello de Vigo de non asumir o programa tarifario acordado no convenio e aplicar distintas tarifas en función do título de transporte do que dispoñan as persoas usuarias, e restrinxindo o acceso ás tarifas metropolitanas de cero saltos no ámbito urbano a persoas usuarias empadroadas en Vigo, dándolles un tratamento diferente ao dos usuarios empadroados noutros concellos” e conclúe “que existe un incumprimento por parte do Concello de Vigo dos compromisos asumidos por este coa firma do citado convenio que fan inviable a integración efectiva “

O citado informe foi informado por este servizo na data 9 de febreiro de 2017, coas seguintes conclusións:

A) O Concello de Vigo aprobou e asinou o Convenio en data 6 de xullo de 2016 e está desenrolando as obrigacións derivadas do contido do citado Convenio.

B) Calquera usuario que utilice o transporte urbano de Vigo cando a viaxe urbana forme parte dunha viaxe metropolitana terá dereito ao prezo bonificado sen necesidade de estar empadroadado.

C) Non é certo que o Concello de Vigo non presentase para a súa homologación o sistema de cancelación que permita o uso da TMG e outras tarxetas integradas no transporte urbano de Vigo, xa que dende a data da firma do Convenio de data 6 de xullo de 2016 e incluso con anterioridade ven realizando tódolos trámites necesarios para a homologación das canceladoras do transporte urbano, descoñecendo por que

a Xunta de Galicia di na data 29 de decembro que non foi presentado a sistema de cancelación.”

III.- DENUNCIA DO CONVENIO

1.- Do anterior resulta que a actitude adoptada pola Xunta de Galicia impide ao Concello de Vigo a aplicación practica do Convenio e en consecuencia a efectiva integración do transporte urbano de Vigo na Area de transporte metropolitano de Vigo de conformidade co contido do Convenio asinado na data 6 de xullo de 2016.

O Convenio asinado en data 6 de xullo de 2016 xuridicamente pode ser obxecto de denuncia de conformidade coa estipulación sexta do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na Area de transporte metropolitano de Vigo asinado na data 4 de marzo de 2015.

Como di a Asesoría Xurídica no seu informe de data 4 de abril de 2017 :

“No fondo, o que vimos de expresar situaría ao Concello no dilema de aceptar unha “interpretación” do convenio fixada pola contraparte que se entende lesiva para o interese público municipal e desaxustada aos condicionantes legais e orzamentarios, ou denunciar o convenio, ao non resultar posible, cando menos neste momento, unha interpretación e aplicación conxunta máis axeitada co marco legal e orzamentario, e equilibrada entre as partes, opción esta que sempre debera quedar aberta.”

Así mesmo engade no citado informe:

“En consecuencia, ao recollese no antedito texto convencional a posibilidade de extinción do convenio mediante a manifestación da vontade unilateral de por fin á súa aplicación, entendemos que se axusta á legalidade a ruptura da relación convencional ao quedar constancia no expediente administrativo e figurar nos informes emitidos, as circunstancias que a motivan, ao considerar contrario ao interese público que o Concello de Vigo está chamado a servir e, tamén, ao resultar alteradas as circunstancias que determinaron a celebración do convenio -tal e como recollían os informes previos á súa aprobación e sinatura. Concretamente, pódese comprobar no informe-proposta do 26/5/2016 e no informe de fiscalización tamén de 26/5/2016 como o alcance dos compromisos económicos tidos en conta para a aprobación do texto do convenio pola Xunta de Goberno local, se limitaban á utilización do servizo de transporte urbano ao prezo bonificado cando a viaxe urbana formase parte dunha viaxe interurbana, e tamén así consta en toda a documentación municipal tida en conta para a aprobación e subscripción do convenio.”

2.- En canto ao procedemento, o Convenio Marco de 4 de marzo de 2015 especifica os mecanismos de denuncia e recolle a denuncia unilateral de calquera dos membros, na súa estipulación sexta :

“ a novación subxectiva do convenio, consistente na súa denuncia por calquera dos seus membros, requirira a previa comunicación deste ao presidente da Comisión de Seguimento non mais tarde do 30 de xuño do ano anterior a aquel no que se materializara a súa saída da area de transporte metropolitano de Vigo : ante esta denuncia , a Dirección Xeral de Mobilidade optara entre a suspensión plena das medidas de fomento do transporte publico previstas neste convenio no ámbito do

referido concello, ou a súa limitación as contías sufragadas directamente pola Xunta de Galicia”

En canto ao órgano competente para a denuncia unilateral do convenio, deberá ser o mesmo que o aprobou, correspondendo a competencia no presente caso a Xunta de Goberno Local consideración que e ratificada pola Asesoría Xurídica Municipal no seu informe de data a 4 de abril de 2017

“Tal e como sinala a doutrina (v.gr. GONZÁLEZ-ANTÓN ÁLVAREZ), haberán de respectarse os mesmos requisitos que se seguiron para a subscripción do mesmo, polo tanto, o órgano competente para a retirada unilateral do convenio será o mesmo que o que o aprobou, requiríndose, xa que logo, que se aprobe a proposta pola Xunta de Goberno local, ao ter considerado que era o competente para a aprobación dos convenios (art. 127.1.g da LBRL), e da que forma parte o Presidente da Corporación que a preside.”

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO: Acordar a denuncia do Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa Vigués de Transportes S.L para a integración do Concello de Vigo na Área de transporte metropolitano de Vigo e para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas a mesma na área de transporte metropolitano de Vigo, asinado na data 6 de xullo de 2016 .

SEGUNDO: O anterior sen prexuízo de manifestar que o Concello de Vigo entende que e posible acadar un acordo conxunto mais equilibrado entre as partes e axeitado ao marco legal e orzamentario.

TERCEIRO: Comunicar o presente Acordo de denuncia ao Presidente da comisión de seguimento do Convenio .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez